

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN PÚBLICAS CON INCIDENCIA NO SECTOR TURÍSTICO PROMOVIDAS NO TERRITORIO DE GALICIA, NO MARCO DO PEPAC 2023-2027

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, a Axencia de Turismo de Galicia, e no seu nome e representación, en virtude das atribucións que ten conferidas, D. José Manuel Merelles Remy, nomeado director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), actuando de conformidade co previsto no artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e no seu nome e representación, D^a María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril), na súa condición de presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Axencia do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Ambas as dúas partes, con capacidade e lexitimación suficiente para a sinatura do presente convenio,

EXPOÑEN



PRIMEIRO.- A Axencia de Turismo de Galicia configúrase, en virtude do Decreto 196/2012, do 27 de decembro, polo que se procede á súa creación e á aprobación dos seus estatutos, como o órgano da administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que corresponden, entre outras, as competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade. Máis especificamente, asume a planificación da política de ordenación, fomento e promoción do turismo, determinando as liñas de actuación da política turística que deben rexer no territorio.

SEGUNDO.- A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), cuxo artigo 6 considera a citada axencia como medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

TERCEIRO.- O Plan Estratéxico da Política Agrícola Comunitaria 2023-2027 de España (en adiante, PEPAC 2023-2027) para a axuda da Unión financiada polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2022) 6017 final, do 31 de agosto de 2022, prevé que a citada intervención 7119-



Leader estará financiada co Feader e sometida ao Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da PAC, e mais ao Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, sobre o financiamento, a xestión e o seguimento da política agrícola común e polo que se derroga o Regulamento (UE) nº 1306/2013, de acordo cos artigos 1 e 2 do xa citado Regulamento 2021/2115.

No marco do PEPAC 2023-2027, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural é xestora da intervención 7119-Leader, na que tamén participan os grupos de desenvolvemento rural (en adiante, GDR) en calidade de entidades colaboradoras, nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A execución desta intervención pode prever a subvencionabilidade de investimentos vinculados a infraestruturas e servizos no sector do turismo, que deberán adecuarse, en todo caso, ao conxunto da normativa que sobre ordenación, planificación e inspección turística sexan de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia.

CUARTO.- O sector turístico é un elemento dinamizador clave no proceso de desenvolvemento do territorio rural galego, aínda que con valoracións desiguais segundo os territorios. Partindo desta realidade, así como da constatación de que o sector turístico constitúe un sector en desenvolvemento en moitas zonas rurais, que crea novas posibilidades de emprego e aumenta a atracción global do medio rural, os esforzos deben enfocarse cara as seguintes liñas estratéxicas de actuación:

- a) Reforzar e consolidar a viabilidade do tecido empresarial implantado no medio rural arredor do sector turístico.
- b) Coordinar as actuacións de dinamización do turismo rural, incidindo na busca de sinerxías e na promoción conxunta de proxectos por parte das entidades do sector.
- c) Favorecer a consolidación dunha cultura empresarial turística que aproveite as vantaxes dunha oferta turística integrada, baseada en criterios de calidade.



- d) Impulsar o desenvolvemento de produtos turísticos específicos e a posta en marcha de canles de venda axeitadas para a súa distribución.
- e) Contribuír á desestacionalización e diversificación da oferta turística, fomentando unha estancia activa no ámbito rural como destino turístico atractivo, a través da oferta de servizos turísticos integrais.
- f) Posta en valor e uso turístico da riqueza histórico-artística, patrimonial, cultural e natural do territorio rural.
- g) Promocionar e comercializar o turismo rural para abrilo a novos mercados.

QUINTO.- Tendo en conta que as competencias en materia de fomento de ordenación do sector turístico residen na Axencia de Turismo de Galicia, é necesario que calquera actuación que supoña unha incidencia no desenvolvemento do turismo galego deba estar referendada polo departamento competente na materia.

Nos períodos de programación dos fondos europeos 2007-2013 e 2014-2020, a coordinación e complementariedade de actuacións entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o departamento da Xunta de Galicia competente en materia turística fíxose a través da figura dos convenios e dos acordos de colaboración.

Así, e para dar cumprimento a esta realidade, o 4 de abril de 2011, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Consellería competente en materia de turismo asinaron un convenio de colaboración para a coordinación de actuacións públicas con incidencia no sector turístico promovidas no territorio rural galego no marco dos programas xestionados ao abeiro do PDR de Galicia 2007-2013. E o 17 de xuño de 2016, asinouse un acordo de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para a coordinación de actuacións públicas con incidencia no sector turístico promovidas no territorio de Galicia, no marco do programa de desenvolvemento rural de Galicia (PDR) 2014-2020.

Seguindo con este modelo de colaboración, cómpre coordinar e complementar as competencias, capacidades e esforzos técnicos, económicos e financeiros tanto da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como da Axencia de Turismo de Galicia,



co fin de rendibilizar os investimentos públicos que se acometan para potenciar o sector do turismo no territorio rural galego.

Tendo en conta o anterior, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, respecto das actuacións públicas sobre servizos e actividades turísticas que se poidan realizar no marco do PEPAC 2023-2027.

SEGUNDA: FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS

A Axencia de Turismo de Galicia e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural financiarán cos seus respectivos créditos orzamentarios as actuacións públicas dirixidas aos investimentos de carácter turístico en zonas rurais e de acordo coas condicións e requisitos que sinalen as oportunas bases reguladoras de cada convocatoria, así como cos criterios que se recollen nas cláusulas seguintes.

TERCEIRA: ACTUACIÓNS DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA CON CARGO ÁS SÚAS LIÑAS DE SUBVENCÍONS.

Non serán subvencionables, a través da Intervención Leader, as actuacións que reciban algún financiamento con fondos recollidos en calquera das liñas de subvención aprobadas pola Axencia de Turismo de Galicia, ou mediante convenio suscrito por esta axencia ou a través de calquera outro instrumento de financiamento ou axuda no que interveña Turismo de Galicia.

CUARTA: ACTUACIÓNS DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL NO MARCO DA INTERVENCIÓN 7119-LEADER AO ABEIRO DO PEPAC 2023-2027.

- **Subvención de operacións de terceiros, a través dos GDR.**

Poderán subvencionarse:



- a) Os investimentos que supoñan a creación de establecementos de restauración:
1. Os clasificados segundo a lexislación vixente dentro do grupo III (art. 77 da Lei 7/2011, do 27 de outubro), que se atopen en municipios de menos de 10.000 habitantes, sempre e cando, no núcleo de poboación no que se empracen non exista ningún outro establecemento dado de alta nesa categoría. A estes efectos tómanse os datos do Nomenclator de 2023 do IGE, a nivel de núcleo.
 2. Os clasificados segundo a lexislación vixente, dentro do grupo I (art. 77 da Lei 7/2011, do 27 de outubro), coa especialidade de casas de comidas, segundo se definen no Decreto 108/2006, de 15 de xuño (DOG 133, do 11 de xullo), sempre e cando, no núcleo de poboación no que se empracen, non exista ningún outro establecemento dado de alta nesa categoría. A estes efectos tómanse os datos do Nomenclator de 2023, do IGE a nivel de núcleo.
- b) Os investimentos que supoñan a creación de establecementos de aloxamentos turísticos segundo a lexislación vixente (Lei 7/2011, do 27 de outubro):
1. Os investimentos que supoñan a creación de establecementos clasificados segundo a lexislación como campamentos de turismo, coas seguintes características:
 - i. No caso de que se trate de campamentos de turismo constituídos so por parcelas destinadas a tendas de campaña, caravanas, autocaravanas e calquera elemento semellante e facilmente transportable, o número de estas deberá ser como mínimo de quince (15).
 - ii. No caso de que se trate de campamentos de turismo constituídos so por parcelas con instalacións estables destinadas a aloxamento temporal, o número de estas deberá ser como mínimo de dez (10).
 - iii. Cando se combinen os dous tipos de parcelas, o número de parcelas destinadas a tendas de campaña, caravanas,



autocaravanas e calquera elemento semellante e facilmente transportable será como mínimo de vinte (20) e para parcelas con instalacións estables destinadas a aloxamento temporal será como mínimo de oito (8).

2. Os investimentos que supoñan a creación de establecementos clasificados segundo a lexislación vixente como pensións, sempre que contén cun mínimo de catro (4) habitacións.

No caso de que se trate de pensións con apartamentos, serán subvencionables, sempre e cando estean constituídas por dous (2) ou máis apartamentos.

3. Os investimentos que supoñan a creación de establecementos clasificados segundo a lexislación vixente como hoteis ou establecementos de turismo rural.

A operación deberá levar aparellada unha valorización do patrimonio cultural ou medioambiental ou a oferta dalgún ou algúns dos seguintes servizos turísticos complementarios, que ofertarán por si, ou a través de acordos con terceiros: actividades recreativas e de animación turística, espectáculos, actividades de aventura ou natureza, actividades deportivas como golf, náuticas, esquí, hípica e outras, actividades de valorización e divulgación do patrimonio cultural, balnearios e centros de talasoterapia.

As entidades coas que se asinen acordos de colaboración para dar cumprimento ao establecido neste punto, teñen que estar dadas de alta no Rexistro de Actividades Turísticas de Galicia.

A localización dos investimentos deberá situarse nalgún dos concellos sinalados no Anexo I deste convenio.

Quedan excluídas como entidades promotoras deste tipo de operacións as entidades públicas locais e as súas mancomunidades.

- c) Os investimentos tendentes á creación e/ou mellora de empresas de servizos turísticos complementarios. Para os efectos deste convenio, terán a



consideración de servizos turísticos complementarios os regulados no artigo 88.1 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia.

- d) As rutas de sendeirismo homologadas pola Federación Galega de Montaña.
- e) A construción de miradoiros, así como a eliminación de elementos discordantes na contorna deles.

-Subvención de operacións desenvolvidas polos GDR

Poderán subvencionarse:

- a) Os proxectos de sinalización turística promovidos polos GDR que cumpran os requisitos recollidos no Manual de sinalización turística.
- b) As operacións de formación, no marco das estratexias dos GDR, dirixidas á profesionalización do persoal en servizos turísticos, mediante actividades formativas nas seguintes materias:
 1. Atención ao cliente en hostalería.
 2. Hixiene e seguridade alimentaria en pequenos establecementos de restauración.
 3. Atención específica ao cliente con diversidade funcional.
 4. Redes sociais e marketing on-line aplicado a establecementos de restauración.
 5. Ferramentas de xestión de alimentos e bebidas.
 6. Formación en materia de igualdade.
 7. Xestión de recursos humanos en pequenos establecementos de restauración.
Para os efectos deste convenio, enténdese por pequenos establecementos de restauración os que sexan de titularidade de empresas ou autónomos que teñan a consideración de microempresas (segundo a definición que resulta do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, de 17 de xuño).
 8. Implantación de sistemas de calidade.

Non se financiarán a través da Intervención Leader operacións que contén con apoio financeiro dos Xeodestinos.

QUINTA.- COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS

- I. Co obxecto de evitar a concorrencia indebida de subvencións, a Axencia de Turismo de Galicia e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, intercambiarán a relación de solicitudes presentadas ao abeiro das súas



respectivas convocatorias que teñan incidencia no sector turístico, así como a relación final daquelas que obtiveran subvención, con expresión da persoa beneficiaria, título da operación de que se trate, subvención concedida e porcentaxe desta respecto ao orzamento presentado.

- II. Respecto dos proxectos con incidencia no sector turístico que tramite a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a Axencia de Turismo de Galicia emitirá as resolucións de clasificación ou, se é o caso, autorizacións esixidas pola normativa turística, segundo o tipo de establecementos. Para estes efectos, as persoas promotoras presentarán a solicitude ou declaración responsable nos Departamentos Territoriais da Axencia de Turismo de Galicia, para que os órganos pertinentes emitan as ditas autorizacións ou títulos habilitantes.

Todos os investimentos aos que se refire este convenio deben cumprir os requisitos esixidos pola normativa turística para a súa autorización e/ou clasificación. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural non realizará o pagamento final se a operación non conta coa licenza municipal correspondente e coa autorización e/ou clasificación á que haxa lugar.

- III. As axudas referidas ás actuacións e/ou investimentos regulados neste convenio que conceda a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a través dos GDR, deberán contar cun informe previo favorable da Axencia de Turismo de Galicia, respecto da súa adecuación á planificación turística e do cumprimento da normativa en materia turística.

Para os efectos indicados neste punto, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural remitiralle á Axencia de Turismo de Galicia a solicitude de axuda da entidade promotora, a memoria resumo do proxecto en documento normalizado e, no seu caso, o proxecto técnico ou memoria valorada.

SEXTA.- VIXENCIA, MODIFICACIÓN E DENUNCIA

O presente convenio terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025, e será prorrogable segundo o disposto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As partes poderán denunciar, ou modificar por mutuo acordo, o presente convenio en calquera momento.



SÉPTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E SOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Créase unha comisión de seguimento e solución de controversias integrada por sete persoas:

- Por parte da Axencia de Turismo de Galicia:
 - o A persoa titular da Dirección Xeral da Axencia de Turismo de Galicia.
 - o A persoa titular da Xerencia.
 - o A persoa titular da Dirección de Competitividade.

A persoa titular da Dirección Xeral da Axencia de Turismo de Galicia poderá designar as persoas que substitúan as anteriores no caso de imposibilidade destas para asistir ás reunións.

- Por parte da Axencia de Desenvolvemento Rural:
 - o A persoa titular da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
 - o A persoa titular da Secretaría da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
 - o A persoa titular da Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural.
 - o A persoa titular da Subdirección de Planificación e Dinamización do Medio Rural.

A persoa titular da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá designar as persoas que substitúan as anteriores no caso de imposibilidade destas para asistir ás reunións.

Esta comisión terá as seguintes funcións:

- Resolver os problemas e controversias que poida suscitar o convenio na súa execución.
- Garantir o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.
- Realizar o seguimento do financiamento público concorrente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e da Axencia de Turismo de Galicia sobre as operacións incluídas no ámbito de actuación das partes.
- Servir de canle para a cooperación institucional entre as partes.



- Informar sobre a conveniencia e utilidade de subvencionar investimentos turísticos no medio rural, tendo en conta o impacto socioeconómico do proxecto e a contribución deste á recuperación do patrimonio arquitectónico ou natural, á creación de emprego, á atracción de novos visitantes e á desestacionalización da oferta.

A comisión reunirse cando o considere necesario a petición de calquera das partes. O presente convenio ten natureza administrativa.

As controversias que non sexan resoltas pola comisión someteranse ao procedemento de solución de conflitos interadministrativos entre as consellerías ás que están adscritas a Axencia de Turismo de Galicia e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

OITAVA.- TRANSPARENCIA DA ACTIVIDADE PÚBLICA

Para os efectos do previsto na normativa de transparencia da actividade pública, este convenio será publicitado e as persoas asinantes aceptan que os seus datos persoais que figuran neste convenio se publiquen igualmente.

En proba de conformidade co que antecede, asinan o presente convenio as dúas partes, no lugar e data indicados no encabezamento.

O director da Axencia de Turismo de Galicia

A presidenta da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

José Manuel Merelles Remy

María José Gómez Rodríguez
(P.D. Acordo do Consello de
Dirección do 21.07.2021)



ANEXO I

1. Concellos polos que descorren as diferentes rutas do Camiño de Santiago, agás o Francés, nos que exista déficit de prazas de aloxamento, acreditado por informe da Axencia de Turismo de Galicia.
2. Aqueles concellos que dispoñan de recursos mineiro-medicinais e carezan de prazas de aloxamento, acreditado por informe da Axencia de Turismo de Galicia.
3. Excepcionalmente, calquera outro Concello no que se constate unha carencia de prazas de aloxamento en determinadas categorías, acreditado por informe da Axencia de Turismo de Galicia.

